



BALONCESTO

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

É obrigatorio:

- **posuír licenza federativa**
- **cumprir a normativa e regulamento da Federación Galega de Baloncesto**

1. ORGANIZACIÓN

Esta actividade estará organizada pola Federación Galega de Baloncesto (en adiante F.G.B.).

Para a participación nesta actividade a Secretaría Xeral para o Deporte facilitará gratuitamente o seguro de accidente deportivo asociado á licenza federativa, para todos os participantes de 8 a 16 anos.

A participación nesta actividade deportiva estará, polo tanto, parcialmente subvencionada en todas as categorías.

Para o coñecemento das bases de competición, os interesados deberán dirixirse á F.G.B., cos seguintes datos de contacto:

Federación Galega de Baloncesto:

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 14.

15890 – Santiago de Compostela

Tel.: 981 585 040 / 981.565.700 Fax: 981.566.066

E-mail: secretaria@fegaba.com
competiciones@fegaba.com

Web: www.fegaba.com

2. DOCUMENTACIÓN

Cada entidade deberá cubrir no procedemento de inscrición, a través da aplicación de Xogade, os seguintes datos:

- Datos completos da entidade.
- Datos completos dos ou das responsables.
- Datos completos dos/das deportistas inscritos/as na modalidade elixida.

O/a responsable garantirá que os datos de cada participante corresponden á realidade.

Completarase a validación da inscrición na plataforma online Oficina Web para Clubs.

Será a normativa establecida pola F.G.B. a que determine a documentación obrigatoria a presentar no momento da competición, podendo ser o certificado de inscrición que, de forma automática, facilita o programa ou ben a licenza deportiva, por ser esta de carácter obrigatorio, para a participación na actividade deportiva federada.

3. SEGURO

Todos os deportistas participantes na actividade deportiva federada de baloncesto serán dados de alta no seguro de accidentes deportivos de Xogade que cubrirá a asistencia nos centros concertados ao longo da tempada en curso.

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na aplicación de Xogade na páxina web www.deporteescolargalego.com: parte de accidente, póliza e protocolo de actuación.

A póliza e o protocolo de actuación tamén están colgados na portada da aplicación de Xogade para que se poida acceder á información sen claves. (www.deporteescolargalego.com).

É **importantísimo** que todos os participantes e as súas familias coñezan o protocolo de actuación a seguir en caso de accidente.

4. PARTICIPANTES

As categorías da competición abranguen as seguintes idades:

Benxamín: nados nos anos 2010-2009 (masculina, feminina ou mixta). Para a inscrición de rapaces/as nados en 2011 e 2012, poñerse en contacto coa F.G.B..

Alevín: nados nos anos 2008-2007 (masculina, feminina ou mixta).

Infantil: nados nos anos 2006-2005 (masculina e feminina *).

Cadete: nados nos anos 2004-2003 (masculina e feminina).

(* Poderá haber equipos mixtos, previa solicitude e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte e da F.G.B.

5. NORMAS

Os regulamentos de xogo, sancións, recursos etc. serán os que figuran nas bases xerais e na normativa da Federación Galega de Baloncesto.

6. DATAS

Unha vez coñecido o número de inscritos, a F.G.B. establecerá o sistema de competición e acordará as datas para o seu desenvolvemento.

Campionato de España (infantil e cadete por selección autonómicas. CSD): por determinar.

7. RÉXIME DISCIPLINARIO NA ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA

As infraccións das normas xerais de conduta deportiva, así como as cometidas con ocasión ou como consecuencia dos encontros e competicións deportivas, denunciaranse ante

o comité correspondente da F.G.B., dentro dos dous días seguintes ao do remate do encontro.

As resolucións ditadas en primeira instancia polo anterior comité de competición poderán ser recorridas, no prazo máximo de dez días, ante o comité de apelación da federación respectiva.

Contra as resolucións do comité de apelación que esgotan a vía federativa, caberá interpoñer recurso, no prazo máximo dun mes, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Para presentar denuncia non será necesario facer ningún depósito económico. Si poderá pedirse para posteriores recursos.

Aquelas entidades que acheguen documentación que se demostre falseada serán sancionadas polo Comité.

8. OUTRAS NORMAS :

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Baloncesto, que pode consultarse na páxina web www.fegaba.com e na páxina web de Xogade, xogade.xunta.gal.